

## *Bases selección persoal Praias 2019.-*

### Obxecto:

O obxecto desta convocatoria é cubrir, mediante concurso 20 prazas de operarios/as de Limpeza de Praias 2019.- Programa subvención Deputación Provincial.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a tempo parcial. A duración da obra ou servizo será de 1 mes.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

### Requisitos:

- Ser español/a ou nacional dalgún dos países da UE ou nacional doutros estados con convenio coa UE que sexa de aplicación. Tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da UE ou dos nacionais doutros estados con convenio que sexa aplicable ao respecto.
- Estar inscritas no SEPE como persoas desempregadas

### Presentación de instancias:

1. Nas oficinas municipais ou a través da Sede electrónica da páxina web municipal, antes das 13.00 h. no primeiro caso, do día 24 de maio de 2019, e das 24.00 h. do mesmo día na Sede electrónica.

As instancias irán acompañadas do DNI, tarxeta de desemprego e xustificantes dos méritos alegados e dos requisitos esixidos.

Lista provisional de admitidos/as: *Día 28 de maio*. Reclamacións ata as 14.00 h. do día 29 de maio.

Lista definitiva e resultado da selección: *Día 30 de maio*.

### Selección:

Efectuarese por concurso de méritos, sendo valorables os seguintes:

### **Cursos – Ata un máximo de 2 puntos**

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo, impartidos polas AAPP ou homologados por estas:

- De menos de 20 h: **0,10 puntos por curso.**
- Entre 21 e 50 h: **0,20 puntos por curso.**
- Mais de 50 h.: **0,5 puntos por curso**

Curso de riscos laborais: **0,10 puntos por curso, por cada un con un máximo de 0,30 puntos.**

**C/ Carné B ou superior**

**0,10 puntos/carnet. Máximo de 0,5 puntos.**

Tribunal de valoración:

Estará integrado exclusivamente por persoal funcionario con titulación superior á esixida, en número non inferior a 3.

Lista de seleccionados/as e presentación de documentos:

Rematada a cualificación, será publicada no taboleiro de anuncios a relación puntuada das persoas seleccionadas,

No caso de empate na puntuación terán preferencia os/as aspirantes con maior puntuación do apartado A e se persiste por sorteo.

As persoas seleccionadas deberán de presentar en prazo de 1 días a partir da publicación do resultado de selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado de servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.